

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 17 DE XANEIRO DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **DEZASETE DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**. Asiste igualmente a concelleira **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- **EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**
- 3º.- **SERVIZOS SOCIAIS.**
- 4º.- **PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO - BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ANO 2017**
- 5º.- **PERMUTA DE CAMIÑO.**
- 6º.- **RECLAMACIÓN DE CARLOS CANICOBA CARPINTERO.**

1º.- **ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 22 de Decembro de 2016

2º.- **EXPEDIENTE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.**

2.1.- Reclamación de Don JOSE LUIS RODRIGUEZ LOUZAO Danos en vehículo na C/E. Alonso Paz /Pintor Colmeiro (1.546,08 €).

ANTECEDENTES JOSÉ LUIS RODRIGUEZ LOUZAO interpón unha reclamación por danos sufridos no seu vehículo na C/E. Alonso Paz, cruce Pintor Colmeiro o 13-12-2014 por importe de 1.546,08 €, ao golpearse contra "un paso elevado" en dita rúa. Diante do silencio municipal o demandante presentou contencioso, con vista sinalada para o día 8-II-2017, que se identifica seguidamente:

Ref.: Responsabilidad Patrimonial 098/ 2016.
P.A. nº 098/ 2016 J.C.A. nº 1 Pontevedra

Demandante: JOSE LUIS RODRIGUEZ LOUZAO

VISTA a lexislación aplicable que se sintetiza, e segundo informa o secretario, en canto o artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, declara que as Entidades Locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa. Correspóndese este precepto co artigo 106 da Constitución Española e co 139 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Por tanto, para o nacemento de responsabilidade patrimonial dunha administración pública, e neste caso do Concello, é preciso a concorrencia dos requisitos esixidos polos artigos 106 da Constitución e 139 da Lei 30/1992 que establece que para haber lugar a declarar esa responsabilidade é necesario que se acredite e probe polo que a pretende:

- a) a existencia do dano e prexuízo causado economicamente avaliable e individualizado;
- b) que o dano ou lesión sufrido polo reclamante é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto sen intervención estraña que puidese interferir alterando ao nexo causal;
- c) ausencia de forza maior
- d) que a reclamación se presente dentro do ano a contar desde a data do feito que a motiva.

CONSIDERANDO o caso concreto estimouse inicialmente que quedaba por determinar se o dano ou lesión sufrido polo reclamante é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto, sen intervención estraña que puidese interferir alterando o nexo causal, e por tanto sexa imputable á Administración.

O elemento causante dos danos foi un "paso elevado", construído co fin de evitar a circulación de vehículos a velocidade alta/excesiva polo centro silledense, unha reivindicación dos veciños de lugar e comerciantes moi en especial. A consideración inicial dos técnicos municipais foi que semellaba mais ben a posibilidade dun exceso de velocidade, como causa directa do accidente, polo que a responsabilidade recaería no condutor. Non obstante

tal tese non se concretou, pasado o tempo, pola carencia, en resumo, de datos evaluables, pasando a ser unha opinión sen outro soporte. Paralelamente se apuntou como causa alternativa mais probable unha deficiencia no deseño/construción da rampa, moi en concreto no ángulo de inclinación de entrada, que sería superior o establecido no Proxecto e na normativa construtiva das mesmas - logo de acrecer uns 11 cm de alto o paso por orden municipal, tiña que haberse corrixido igualmente a lonxitude da sección de entrada para manter ese ángulo de inclinación debido, o cal non estaba subsanado no momento do accidente, se conclúe-, estimando que, polo exposto, a responsabilidade recaería na empresa adxudicataria, FERNANDEZ SARMIENTO S.L., a quen se lle reclamou, alegando, verbalmente a día de hoxe, que se fixo unha modificación do paso elevado, pero de acordo coas ordes do Director de Obra, estando pendente de formular as súas alegacións. A Aseguradora do Concello, MAPFRE, inicialmente, apunta que existe unha franquía de 600 € nesa póliza.

En conclusión, aínda que as dúbidas sobre a responsabilidade do condutor por exceso de velocidade non se dissiparon -alómenos en termos de responsabilidade compartida-, a falta de elementos de proba sólidos ao respecto, acada coa consideración final de admitir a responsabilidade deste dano, sen prexuízo da súa reclamación posterior a empresa construtora, pola deficiencia antes descrita na falta de corrección do ángulo de entrada da rampa sobre o paso elevado, logo que se aumentara a súa altura.

Por unanimidade, **SE ACORDA:**

- **ESTIMAR** a reclamación de **JOSÉ LUIS RODRIGUEZ LOUZAO** por responsabilidade patrimonial baseada nuns danos na parte baixa do seu vehículo Volkswagen SCIROCCO, matrícula-----, na C/E. Alonso Paz, cruce Pintor Colmeiro o 13-12-2014 por importe de **1.546,08 €**, ao golpearse contra "un paso elevado", considerando que o dano sufrido polo reclamante foi consecuencia dunha inadecuada reconstrución do ángulo de entrada da rampa, sen prexuízo da reclamación a empresa construtora.
- **ELEVAR** este acordo ao **J. C. A. nº 1 Pontevedra P.A. nº 098/ 2016**, en termos de recoñecemento en vía administrativa da demanda.
- **NOTIFICAR** esta resolución a JOSE LUIS RODRIGUEZ LOUZAO, MAPFRE e FERNANDEZ SARMIENTO S.L.

2.2.- Reclamación de Dona TERESA PEREIRA JUVINO, en nome de CARROCERIAS SILLEDA SL, CIF B-36578052. Danos en vehículo

Volkswagen Pasat matrícula -----, no Polígono Industrial de Silleda, Área 33, o 7 Xaneiro 2016, por importe de 976,98 €. Propietario Alberto Perez Lopez. Presenta a reclamación o 04 de Xaneiro do 2017 no Rex. Central XUNTA.

ANTECEDENTES. TERESA PEREIRA JUVINO, interpón unha reclamación por responsabilidade patrimonial en nome de CARROCERIAS SILLEDA SL, CIF B-36578052, baseada nun golpe na parte dianteira/esquerda do vehículo Volkswagen Passat, matrícula -----, no Polígono Industrial de Silleda, Área 33, o 7 Xaneiro 2016, por importe de 976,98 €, sen que identifique ao conductor no seu escrito, alegando que a causa dos danos foi "un impacto contra una señal vertical doblada que invadía el carril por el que transitaba el automóvil" , indicando que o suceso ocorreu as 0830 horas, en medio dunha forte chuvia e sen iluminación artificial, en síntese.

VISTA a lexislación aplicable que se sintetiza, e segundo informa o secretario, en canto o artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, declara que as Entidades Locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados aos particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa. Correspóndese este precepto co artigo 106 da Constitución Española e co 139 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, hoxe substituídas pola Lei 39/2015, mantendo a mesma estrutura da lei anterior.

Por tanto, para o nacemento de responsabilidade patrimonial dunha administración pública, e neste caso do Concello, é preciso a concorrencia dos requisitos esixidos polos artigos 106 da Constitución e pola Lei 39/2015 que establece que para haber lugar a declarar esa responsabilidade é necesario que se acredite e probe polo que a pretende:

- a) a existencia do dano e prexuízo causado economicamente avaliable e individualizado;
- b) que o dano ou lesión sufrido polo reclamante é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto sen intervención estraña que puidese interferir alterando ao nexo causal;
- c) ausencia de forza maior

d) que a reclamación se presente dentro do ano a contar desde a data do feito que a motiva.

TENDO EN CONTA que o accidente ten lugar no Polígono Industrial de Silleda, Área 33, o mantemento dos viais públicos e infraestrutura desa superficie industrial non é competencia municipal, senón da Asociación de Empresarios/ou/Entidade Urbanística de Conservación, dos titulares das parcelas, de acordo coas Ordenanzas Reguladoras da Creación/Construción dese Parque Empresarial-sen prexuízo da colaboración que presta o Concello en actuacións concretas a petición de ditos propietarios-, polo que a Reclamación deberá dirixirse contra a Asociación de Empresarios/ou/Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial de Silleda, Área 33.

Todo elo, apuntando, ademais, de xeito sucinto, complementario a incompetencia antedita, que pola descrición da propia reclamante queda por determinar se o dano ou lesión sufrido é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto, sen intervención estraña que puidese interferir alterando o nexo causal, e por tanto sexa imputable á Administración.

Pois ben, cos seus propios datos non pode culpar a ninguén da súa probable falta de dilixencia debida, xa que unha sinal vertical dobrada sobre a vía pública debe ser visualizada polo condutor si vai a unha velocidade normal, aínda que exista unha "forte chuvia", e si é debido a ese fenómeno atmosférico que non puido ver tal sinal, derivaría nun caso de forza maior, todo elo reflexionando sobre o propio relato, que deixa, como mínimo, unha dúbida mais que razoable sobre a responsabilidade do condutor, alómenos en termos de responsabilidade compartida, e sen aportar una proba seria da súa tese, ao marxe dos danos do vehículo.

CONSIDERANDO que a este respecto sinalou o Tribunal Supremo -e tamén en senso contrario- en repetidas Sentenzas (entre outras, Sentenza de 5 de decembro de 1997 da Sala 3^o), que non cabe considerar que a responsabilidade patrimonial converta ás Administracións Públicas en aseguradoras universais de todos os riscos co fin de previr calquera eventualidade desfavorable ou danosa para os administrados, derivada da actividade destas, polo feito de que exerzan competencias na ordenación dun determinado sector, porque, pola contra, transformaríase aquel en un sistema providencialista non contemplado no noso ordenamento xurídico, ademais de que o talante obxectivo da responsabilidade da Administración non converte a esta nun asegurador universal que deba responder en todos os supostos en que se produza un resultado lesivo por mor da utilización de bens ou servizos públicos.

No caso concreto non hai que recorrer sequera a esta xurisprudencia

do Supremo -que si sería aplicable en caso de existir competencia municipal-, xa que o dano foi causado nun vial cuxa responsabilidade de mantemento corresponde a Asociación de Empresarios/ou/Entidade Urbanística de Conservación, dos titulares das parcelas, de acordo coas Ordenanzas Reguladoras da Creación/Construción dese Parque Empresarial.

Por unanimidade, **SE ACORDA:**

- **DESESTIMAR** a reclamación de TERESA PEREIRA JUVINO, por responsabilidade patrimonial en nome de CARROCERIAS SILLEDA SL, CIF B-36578052, baseada nun golpe na parte dianteira/esquerda do vehículo Volkswagen Passat, con matrícula -----, no Polígono Industrial de Silleda, Área 33, o 7 Xaneiro do 2016, por importe de 976,98 €, por incompetencia do Concello de Silleda, xa que o dano foi causado nun vial cuxa responsabilidade de mantemento corresponde a Asociación de Empresarios/ou/Entidade Urbanística de Conservación, dos titulares das parcelas do Polígono Industrial de Silleda, Área 33, de acordo coas Ordenanzas Reguladoras da Creación/Construción dese Parque Empresarial, e sen que estea demostrada, por outra banda, ao marxe do antedito, que o dano sufrido é consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos en relación directa, inmediata e exclusiva de causa a efecto, sen intervención allea que puidese interferir, alterando tal nexos causal.

3º.- SERVIZOS SOCIAIS.

3.1.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da directora e asesora xurídica do Centro de Información ás Mulleres de Silleda, Carmen Miranda Pose, de data 16 de xaneiro de 2017, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **R.N.R.S.**

3.2.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, M^a Celia González Peteiro, de data 30 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **M.C.I.M.**

3.3.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 27 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **V.P.V.**

3.4.- Acordo de Emerxencia Social.

Visto o informe preceptivo da traballadora social do Concello, Beatriz Cuiña Iglesias, de data 23 de decembro de 2016, a Xunta de Goberno Local

ACORDA:

Prestar aprobación o expediente de emerxencia social tramitada a nome de **A.G.I.**

3.5.- Expediente de solicitude de comunicación de alta no SAF no programa de libre concorrencia, de C.S.L. .

4º.- PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO - BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ANO 2017

Pola Alcaldía dase conta das Bases Reguladora e convocatoria para o ano 2017 do “Programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego” xunto cos seus anexos, que transcríbese a continuación:

**“PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO CONCELLO DE SILLEDA
BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO ANO 2017**

BASE 1ª.-OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

- 1.1. Finalidade
- 1.2. Beneficiarios/as
- 1.3. Requisitos xerais dos/as beneficiarios/as
- 1.4. Tipo, contía das axudas e gastos subvencionables
- 1.5. Réxime de concesión das axudas

BASE 2ª.-COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

- 2.1. Instrución e tramitación das axudas
- 2.2. Comisión de Valoración e Seguimento

BASE 3ª.-SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

3.1. Solicitudes

3.2. Obrigas

3.3. Prazo de presentación

BASE 4ª.-CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

BASE 5ª.-PUBLICIDADE

5.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

5.2. Publicidade das subvencións concedidas.

5.3. Publicidade do financiamento público.

BASE 6ª.-TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

BASE 7ª.-PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

BASE 8ª.-NORMATIVA DE APLICACIÓN

BASE 9ª.-DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

BASE 10ª.-DISPOSICIÓN FINAL ANEXOS

ANEXO I. Solicitude.

ANEXO II. Declaración xurada do cumprimento dos requisitos.

ANEXO III. Ficha de solicitude de transferencia bancaria.

ANEXO IV. Declaración xurada doutras axudas.

ANEXO V. Memoria xustificativa do proxecto empresarial.

ANEXO VI. Relación de facturas presentadas.

ANEXO VII. Declaración xurada de que as facturas subvencionadas, relacionadas e presentadas son orixinais.

ANEXO VIII. Declaración xurada do/a perceptor/a

Base 1ª.-OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.- FINALIDADE A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2017 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Emprego no ámbito do Concello de Silleda coa finalidade de potenciar e colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos.

1.2.- BENEFICIARIOS/AS Poderán acollerse a estas axudas os/as empresarios/as individuais, autónomos e as pequenas e medianas empresas (PEME), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 Outubro de 2016 e o 31 de decembro de 2017 (Entendendo por inicio de actividade a alta no I.A.E.)

Para o carácter de pequena e mediana empresa terase en conta o establecido no Regulamento CE número 800/2008 da Comisión de 6 de agosto de 2008.

1.3.- REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

- 1.- Que a persoa física ou xurídica teña o seu enderezo fiscal e social en Silleda
- 2.- Que sexan empresas de nova creación, considerando incluídos neste concepto, os trasposos de negocios, pero non as transformacións de forma xurídica.
- 3.- Que, como mínimo, unha das persoas promotoras estea en situación de desemprego na data de inicio da actividade empresarial e crear, polo menos, o seu propio posto de traballo en calquera das formas xurídicas existentes.
- 4.- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), nin a empresa nin as persoas socias.
- 5.- Non ter débedas co Concello de Silleda, nin a empresa, nin as persoas socias.
- 6.- Non poderán obter a condición de beneficiario/a os/as empresarios/as e as pequenas empresas nos que concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10, apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións (no caso de sociedades, nin a sociedade nin os/as socios/as).

1.4.- TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

As axudas son a fondo perdido e a súa finalidade é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses de actividade.

O importe máximo destas axudas será de 3.300 euros por empresa/persoa beneficiaria, en base o baremo de puntuación a continuación detallado, e non poderá superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado.

Os gastos que poderán ser subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de Outubro de 2016. **(Agás os gastos de constitución que poderán ser con data dende 1/06/2016)**

VALOR /PUNTO: 30 EUROS		
PARADO LONGA DURACIÓN	10	300
APERTURA DE LOCAL	10	300
ALTA AUTÓNOMO	20	600
CONTRATACIÓN PERSOAL	20	600
PLUS POR PROXECTOS DO SECTOR PRIMARIO, RELACIONADOS CO MEDIOAMBIENTE OU I+D+I	40	1200
		3000
MULLER MONOPARENTAL CON CARGAS FAMILIARES	10 PUNTOS EXTRA	300

Gastos subvencionables:

- a) Gastos de constitución e apertura Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos xerados no proceso de apertura e constitución da empresa:
 - a1) Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos
 - a2) Licenza de obra e licenza de apertura
 - a3) Alta no Rexistro Mercantil
 - a4) Certificación negativa do nome da sociedade
 - a5) Honorarios de notaría por escrituras públicas
 - a6) Publicación no BORME
 - a7) Modelo 600 da Xunta de constitución da empresa.

- a8) *Gastos de rexistros en Institucións (Consellos Reguladores, IXP, ect)*
- b) *Existencias iniciais de mercadorías. Serán subvencionables o 50% da adquisición de primeiras compras de mercadorías, de materias primas e doutros consumibles utilizados no proceso de produción.*
- c) *Gastos de aluguer do local, vehículo industrial ou agrícolas, ou calquer outra maquinaria sempre que o elemento alugado sexa imprescindible para a realización da actividade da empresa. (Serán subvencionables o 50%)*
- d) *Primas de seguros : Serán subvencionables o 50% dos gastos da contratación de seguros directamente relacionados coa actividade empresarial. (seguro do local, de responsabilidade civil , seguro de colleita ou de ganado e, como máximo, dun vehículo, só no caso de que sexa imprescindible para o desenvolvemento da súa actividade).*
- e) *Subministracións e gastos correntes.*
- Serán subvencionables o 50% dos seguintes gastos correntes derivados directamente da realización da actividade empresarial:*
- e1) Auga*
 - e2) Teléfono*
 - e3) Electricidade*
 - e4) Gasóleo / gasolina*
 - e5) Material de oficina*
 - e6) Asesoría*
 - e7) Gas*
 - e8) Equipos de seguridade nas súas instalacións (só a cota mensual)*
 - e9) Programas e aplicacións informáticas*
- f) *Dereitos de propiedade industrial Serán subvencionables o 50% dos seguintes dereitos:*
- f1) Patentes*
 - f2) Modelos de utilidade*
 - f3) Deseño industrial*
 - f4) Marcas de produtos ou servizos*
 - f5) Nomes comerciais*
 - f6) Dominio en Internet.*
- g) *Equipos informáticos, desenvolvemento e custos de paxina web, aplicacións informáticas, e outros gastos tecnolóxicos.*
- h) *Serán subvencionables o 50% nos proxectos do sector primario, relacionados con Medio Ambiente ou I+D+I a adquisición de:*
- h1) Compra de maquinaria ou apeiros*
 - h2) Intalacions (Invernadeiros, sistemas de riego, fertirrigación ,etc)*
 - h3) Realización de pozos (motores, bombas, etc)*
 - h4) Insumos agrícolas (sementes, plántulas, fertilizantes e acondicionadores do solo, produtos fitosanitarios, etc)*

1.5.-RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por entidades públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que se cumpran os seguintes requisitos. O importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

Base 2ª.-COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

2.1.-INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

A Concellería de Emprego , a través da Concelleira, será a encargada da tramitación das solicitudes e emitirá unha proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas, e o seu acordo será publicado no Taboleiro de Edictos do Concello de Silleda , na páxina web do concello www.silleda.gal , e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

2.2.- TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO

1. De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 e no correlativo artigo 31.4, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade tramitadora atendendo ao disposto no art. 34 e seguintes da Lei 39/2015 , concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito.

O órgano xestor publicará no taboleiro e na páxina web do Concello de Silleda o esgotamento da partida orzamentaria e non admitirá as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.

Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa intensidade prevista no artigo 1.4 desta resolución, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte.

No caso de coincidencia na data entre varias solicitudes, e cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a todas coa intensidade de axuda solicitada, o crédito distribuirase de maneira ponderada entre elas en función da solicitude e respectando o límite de intensidade máxima prevista no artigo 1.4.

A comunicación do saldo pendente estará disponible na web do Concello.

2. Conforme ao establecido no art. 68 da Lei 39/2015, se a solicitude de axuda non reúne os requisitos esixidos nesta lei e na presente resolución, a persoa interesada será requirida para que nun prazo de dez días, contados a partir do día seguinte á recepción do devandito requirimento, rectifique a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de

que, se non o fixese, procederáse conforme ao que determina o artigo 21 da citada lei.

Este requerimento de corrección tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 3.1 resulta que o/a solicitante non está ao corrente de pago das súas obrigas tributarias e sociais co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse ao/á solicitante que achegue cuantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instructor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas da mesma.

Para as accións de control/ seguimento o servizo de emprego e desenvolvemento local poderá requirirille aos/ás empresarios/as e/ou ás pequenas e medianas empresas beneficiarias a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

Base 3ª.-SOLICITUDES, OBRIGAS E PRAZO DE PRESENTACIÓN

3.1.- SOLICITUDES. As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo normalizado (Anexo I), presentaranse no Rexistro Xeral do concello ou por calquera outro medio previsto na Lei 39/2015, do 1 de Outubro, Lei do procedemento administrativo común.

As solicitudes (Anexo I) dirixiranse á Concellería de Emprego, debendo ir acompañadas da seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

- Declaración xurada do cumprimento dos requisitos segundo o punto 1.2 e 1.3 da base 1ª da subvención (Anexo II).
 - Ficha de solicitude de transferencia bancaria (Anexo III).
 - Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas (Anexo IV)
 - Memoria xustificativa do proxecto empresarial (Anexo V).
 - Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as
 - NIF/DNI da empresa/empresario/a individual e dos socios/as/comuneiros/as e, no seu caso, copia do contrato/escritura de constitución da empresa debidamente inscrita no Rexistro Mercantil (no caso de sociedade limitada só se precisa o DNI da persoa representante da empresa e mais das persoas socias que se autoempreguen).
 - Alta no IAE da empresa ou empresario/a individual que solicita a axuda e, no caso das Sociedades Limitadas de Nova Empresa (SLNE) o documento único electrónico (DUE).
 - Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral dos/as empresarios/as traballadores/as que creen os seus propios postos de traballos.
 - Facturas dos gastos para os que se solicitou a subvención xunto coa póliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso.
- No caso de licenzas deberá indicar a contía aboada.

- Relación de facturas presentadas dos gastos subvencionables recollidos na Base 1ª, punto 1.4 (Anexo VI).

- Solicitude de licenza de apertura, licenza de obras ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade. Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 4ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistírase da súa

solicitud, arquivándose a/s mesma/s, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015 e 40/2015, do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común e do Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, numerada, con data, identificación da persoa solicitante e/ou da empresa e debidamente asinada.

3.2.- OBRIGAS

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da empresa beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Non procederá o pago da subvención en tanto a persoa ou empresa beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- Comunicarlle ao Concello Silleda calquera modificación das condicións que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra administración.
- O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo pola Comisión de Valoración, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a esta e á Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

3.3.- PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será ata o 31/12/2017 ou ata esgotar o orzamento, que se contará a partir o día seguinte á data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

A documentación relativa aos proxectos que non resulten subvencionados, poderá ser retirada das dependencias municipais polos/as solicitantes, previa solicitude que debe presentar no rexistro xeral do concello.

Base 4ª.- CONCESIÓN DAS AXUDAS E TRAMITACIÓN DO PAGAMENTO

1.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, previo informe da Concellería de emprego.

2.- O prazo para resolver será, como máximo, de tres meses dende a presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do concello.

As solicitudes iran resolvéndose a medida que se vaian presentando.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses

máis.

Transcorrido este último prazo únicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

A resolución do procedemento publicarase no Taboleiro de Edictos do concello e na páxina web do concello www.silleda.gal e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude, no prazo de dez días dende a resolución de concesión ou denegación, segundo a lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015 do 1 de Outubro, Lei do Procedemento administrativo común.

Unha vez concedidas as axudas faranse efectivas cun pagamento do 75% da contía total no momento de ser concedida e o restante 25% os seis meses da concesión, condicionadas a que a empresa estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias co concello e á presentación, da documentación seguinte como xustificación da subvención, no prazo anteriormente sinalado:

a) Unha relación clasificada dos gastos totais, con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago (Só serán aceptados pagos realizados por medios bancarios). Nas facturas computarase o gasto acreditado deducido o IVE, salvo que a entidade acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación. Só deberá presentar as facturas relacionadas no Anexo VII.

b) Facturas compulsadas polo importe total da subvención outorgada.

As facturas deberán conter os requisitos esixidos no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro polo que se aproba o Regulamento polo que regulan as obrigacións de facturación, dos que cabe destacar os seguintes:

- Número e, no seu caso, serie.*
- Data da súa expedición.*
- Nome e apelidos, razón ou denominación social completa de quen expide a factura e do/da destinatario/a das operacións.*
- Número de identificación fiscal do/a obrigado/a a expedir factura e do/a destinatario/a.*
- Enderezo do/a obrigado/a a expedir a factura e do/a destinatario/a das operacións*
- Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base impositiva, o imposto correspondente e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto destas operacións e calquera desconto ou rebaixa non incluído no prezo.*
- O tipo impositivo ou tipos impositivos, no seu caso, aplicados ás operacións*
- A cota tributaria que, no seu caso, repercute, consignada por separado.*
- Especificación, por separado, da parte de base impositiva correspondente a cada unha das operacións documentadas na mesma factura nos casos indicados.*

c) Declaración xurada do/a perceptor/a (Anexo VIII), acreditativa dos seguintes

extremos:

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada. (Só serán aceptados pagamentos realizados por medios bancarios)

- Que foron aboadas ás persoas expedicionarias ou, no seu caso, ás persoas titulares do dereito que incorporan.

- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

d) Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e coa AEAT (Axencia Estatal de Administración Tributaria) da sociedade e de todos/as os/as socios/as.

e) Fotografía do cartel informativo da subvención que será subministrado pola Concellería de Emprego.

O prazo para a presentación desta documentación será de 20 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da súa notificación da concesión da correspondente axuda.

Toda a documentación presentada deberá estar numerada, con data, identificación da persoa solicitante e da empresa e a sinatura da persoa representante.

A Concellería de Emprego, que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, informando da adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención no momento do pago, sen prexuízo da fiscalización que corresponde ao departamento de intervención.

Base 5ª. PUBLICIDADE

5.1.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS.

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas para o ano 2016 do Programa de axudas municipais á creación de emprego no Concello de Silleda publicarase no boletín oficial da Provincia de Pontevedra, nos xornais de maior tirada da cidade e na páxina web www.silleda.gal, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

As citadas bases reguladoras, convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes, facilitaranse no servizo de Emprego, na páxina web www.silleda.gal e nas dependencias de información do Concello de Silleda.

5.2.- PUBLICIDADE DAS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS.

Todas as axudas que se concedan serán publicadas, con estas indicacións, na páxina web www.silleda.gal, expostas no Taboleiro de Edictos do Concello de Silleda e poderase notificar individualmente no correo electrónico indicado na solicitude.

5.3.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria deberán poñer no seu local un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo

Concello de Silleda . O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Concellería de Emprego.

Base 6ª.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos a Concellería de Emprego.

Base 7ª.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

7.1.- PERDA DO DEREITO AO COBRO:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a variación da finalidade da actuación, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas compatibles ou incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sanciónns, que de ser o caso, resulten esixibles.

Se no caso de ter pechado o local/negocio antes do transcurso dos seis meses da concesión da axuda , o adxudicatario non terá dereito a percibir o 25% restante pendente da axuda, así mesmo , quedará fora de poder optar a calquera outra axuda desta índole que facilite o Concello de Silleda, nun prazo de 3 anos.

7.2.- RENUNCIA:

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

7.3.- NULIDADE, REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS:

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En particular a percepción doutras axudas incompatibles coas que son obxecto destas bases dará lugar ao reintegro da axuda municipal, cos correspondentes xuros de demora desde o momento do seu pagamento, salvo que acredite, durante a tramitación do procedemento de reintegro, a renuncia e devolución da axuda incompatible coa municipal. En relación ás infraccións e sanciónns en que poidan incurrir os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Base 8ª.-NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas bases reguladoras que se conteñen na presente convocatoria,

polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais; as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Base 9ª.-DISPOSICIÓN ADICIONAIS

ÚNICA.- As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 920470 "PLAN AXUDA A EMPRENDEDORES " do orzamento municipal para o ano 2017, cun importe total de 15.000€.

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Base 10ª.-DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P. O Concello de Silleda quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017 ANEXO I. SOLICITUDE

DATOS DO/DA SOLICITANTE	
Nome/Razón Social	NIF
Representante	DNI
Enderezo Social	Tfno.
Localidade	C.P.

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACION E CONTACTO PARA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE	
Persoa de contacto	
Correo electrónico e tfno	
Domicilio	

EXPOÑO:

Que á vista do acordo da Xunta de Goberno Local relativo á aprobación das Bases e convocatoria para o ano 2017 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas, e despois de coñecer e aceptar as súas bases reguladoras,

DECLARO:

- Que **ACEPTO** as actuacións de comprobación e seguimento que se leven a cabo pola Comisión de Valoración e Seguimento, segundo o estipulado nas bases e convocatoria para o ano 2017 do programa de Axudas á Creación de Empresas.

- Que **ACEPTO** o correo electrónico indicado como medio de notificación e información das

accións que resulten da presente axuda municipal que solicito.

SOLICITO:

A concesión da correspondente axuda para a creación de empresas, por importe total de euros, de acordo co especificado nas bases reguladoras e convocatoria.

Silleda, de de 2017
(Sinatura do/a solicitante ou representante)

É imprescindible cubrir todos os datos, marcar cun X as declaracións e asinar a solicitude. Estos datos serán tratados de acordo coa Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal (LOPD)

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE

Para a solicitude da Axuda Municipal á Creación de Empresa presentaráse a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

- 9 Anexo I. Solicitude en modelo normalizado.
- 9 Anexo II. Declaración xurada do cumprimento dos requisitos.
- 9 Anexo III. Ficha de solicitude de transferencia bancaria.
- 9 Anexo IV. Declaración xurada das axudas solicitadas e/ou concedidas.
- 9 Anexo V. Memoria xustificativa do proxecto empresaria
- 9 Certificados de estar ao corrente nas súas obrigas coa Seguridade Social, coa Consellería de Facenda e a AEAT (Agencia Estatal de Administración Tributaria) da empresa e de todos os promotores.
- 9 NIF da empresa, DNI dos promotores, copia do documento de constitución da empresa e copia da documentación acreditativa da representatividade suficiente para actuar en nome da entidade (no caso de varios promotores só precísase o DNI do representante da empresa e dos promotores que se autoempreguen). Cando a solicitante sexa persoa física, só terá que presentar copia do DNI ou NIE.
- 9 Alta no IAE da Empresa ou empresario individual que solicita a axuda, ou documento equivalente
- 9 Alta no correspondente réxime da Seguridade Social e vida laboral das persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo.
- 9 Copia das facturas dos gastos para os que se solicita a subvención xunto coa poliza do seguro e contrato de aluguer, no seu caso. No caso de licenzas deberá indicar a cuantía aboada. Computaránse as facturas sempre que estean expedidas a nome da entidade solicitante e non sexan emitidas por algún promotor da empresa.
- 9 Anexo VI Relación de facturas presentadas.
- 9 Solicitude de licenza de apertura e licenza de obras, ou comunicación previa cando sexa necesario para o desenvolvemento da actividade

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017

ANEXO II. DECLARACIÓN XURADA DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS

Don/Dona....., con DNI en representación da empresa co NIF solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2017 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Silleda ,

DECLARA que a empresa cumpre os requisitos dos puntos 1.2 e 1.3 da base 1ª das bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas:

REQUISITOS DA EMPRESA SOLICITANTE (1.2. da base 1ª)	SI	NON
Son un empresario/a individual o unha PEME		
A empresa iniciou a actividade entre:		

REQUISITOS DA EMPRESA SOLICITANTE (1.3. da base 1ª)	SI	NON
A miña empresa ten o domicilio fiscal e social en Silleda		
É unha empresa de nova creación (non é transformación de forma xurídica)		
Creí, como mínimo, o meu propio posto de traballo ou o de algún dos promotores (sempre que a/s persoas promotoras autoempregadas teñan, como mínimo, o 50% do capital social).		
A empresa e todos os promotores non teñen débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e facenda, coa AEAT, nin co Concello de Silleda		
Non estou incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no artigo 10 da Lei de Subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións (nin a empresa nin os promotores)		

Coa solicitude INESCUSABLEMENTE deberá achegar esta declaración debidamente cuberta e asinada. Deberá marcar TODAS as casillas cun X na columna correspondente.

Silleda, de de 2017
Asdo:

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017
ANEXO III. FICHA DE SOLICITUDE DE TRANFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA	DNI/NIF
ENDEREZO	
POBOACIÓN (INDICAR C.P.)	TELÉFONO
DATOS DA CONTA	
IBAN ES	
BANCO	
OFICINA E LOCALIDADE	

DECLARO
Que os datos enriba reflectidos son correctos e corresponden ao título e número de conta do beneficiario/a
Silleda, de de 2017
SINATURA DO SOLICITANTE

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017
ANEXO IV. DECLARACIÓN XURADA DOUTRAS AXUDAS

Don/Dona, con DNI,
 en representación da empresa, co
 NIF....., solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano
 2017 do programa de Axudas á Creación de Empresas do Concello de Silleda,

DECLARO:

9 Non ter solicitada ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para a
 constitución como autónomo/a ou para a creación da empresa á que represento.

9 Ter solicitado e/ou concedida as seguintes subvencións de administracións ou entidades
 públicas para a mesma actividade ou proxecto:

Solicitada	Concedida	Importe	Organismo	Concepto	Outra Regulación

Silleda , de de 2017

Asdo:

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017
ANEXO V. MEMORIA XUSTIFICATIVA DO PROXECTO EMPRESARIAL

1. DATOS PERSOAIS (Relacionarase a todos os promotores)

PROMOTOR/A 1

Apelidos e nome		NIF	
Teléfono	Data de Nacemento	Tempo de permanencia en desemprego	

PROMOTOR/A 2

Apelidos e nome		NIF	
Teléfono	Data de Nacemento	Tempo de permanencia en desemprego	

PROMOTOR/A 3

<i>Apelidos e nome</i>		<i>NIF</i>
<i>Teléfono</i>	<i>Data de Nacemento</i>	<i>Tempo de permanencia en desemprego</i>

2. DESCRICIÓN DO PROXECTO EMPRESARIAL

2.1. DESCRICIÓN DA/S ACTIVIDADE/S

<i>Definición da actividade que se vai a desenvolver</i>

2.2. DATOS DO PROXECTO

<i>Nome da empresa (razón social ou nome comercial)</i>		<i>NIF</i>	
<i>Enderezo social</i>			
<i>Localidade</i>	<i>Código Postal</i>	<i>Provincia</i>	
<i>Teléfono</i>	<i>Fax</i>	<i>Epígrafe IAE</i>	<i>Data inicio actividade</i>
<i>Forma xurídica</i>			

2.3. CREACIÓN DE EMREGO

<i>Número de postos de traballo creados</i>	<i>Indíquese situación social do/s promotor/es autoempregados segundo colectivo ao que pertenza/n</i>
<i>Promotores autoempregados</i>	
<i>Traballador/es contratado/s</i>	
<i>Para as contratacións por conta allea: tipos de contrato utilizados, duración (indefinido, temporal), xornada (tempo completo, media xornada)</i>	

3. PLAN ECONÓMICO FINANCIERO

3.1. PLAN DE INVERSIÓN E FINANCIAMIENTO INICIAL

PLAN DE INVERSIÓN

Concepto	Custo	IVE
ACTIVO NON CORRENTE		
<i>Inmovilizado intangible</i>		
<i>Inmovilizado Material</i>		
<i>Inmovilizado Financeiro</i>		
ACTIVO CORRENTE		
<i>Circulante</i>		
TOTAL INVERSIÓN		

CÁLCULO DA AMORTIZACIÓN

Concepto	Para amortizar	Anos
<i>Amortización do Inmovilizado Intangible</i>		
<i>Amortización do Inmovilizado material</i>		
TOTAL COTA AMORTIZACIÓN ANUAL		

PLAN DE FINANCIAMIENTO

Concepto	Importe
<i>Achegas de socios/as</i>	
<i>Préstamos</i>	
<i>Subvencions</i>	
<i>Outros</i>	
TOTAL FINANCIAMIENTO	

3.2. CONTAS DE RESULTADOS PROVISIONAL

CONCEPTO	ANO 1	ANO 2
Ingresos		
<i>Vendas ou prestación de servizos</i>		

<i>Outros ingresos</i>		
Gastos variables		
<i>Gastos por compras</i>		
<i>Outros gastos variables</i>		
Gastos de persoal		
<i>Anticipos do promotores</i>		
<i>Soldos e salarios</i>		
<i>Seguridade Social</i>		
Servizos exteriores		
<i>Alugueiro</i>		
<i>Material de oficina</i>		
<i>Servizos profesionais independentes (asesoría, ...)</i>		
<i>Primas de seguros</i>		
<i>Suministracións (auga, electricidade, gas, ...)</i>		
<i>Gasto teléfono</i>		
<i>Úblicidade, imprenta, propaganda...</i>		
<i>Transportes</i>		
<i>Servizos bancarios e similares</i>		
<i>Cota de leasing/renting</i>		
<i>Reparacións, conservacións e outros</i>		
Tributos		
<i>IAE</i>		
<i>Lixo</i>		
Gastos financeiros		
<i>Outros (desconto, tarxetas...)</i>		
INGRESOS-GASTOS		
<i>Amortización do inmovilizado</i>		
BAIT		
<i>Xuros do préstamo</i>		
BAT		

<i>Imposto sobre beneficio</i>		
BENEFICIO NETO		

3.3. INVERTEMENTO SUBVENCIONABLE

GASTOS DE CONSTITUCIÓN E APERTURA	<i>Base imponible</i>	<i>% IVE</i>	<i>Importe</i>
<i>Visado, honorarios e gastos de proxectos técnicos</i>			
<i>Licenza de obra e/ou apertura</i>			
<i>Alta no Rexistro Mercantil</i>			
<i>Certificación negativa do nome da sociedade</i>			
<i>Honorarios de notaría por escrituras públicas</i>			
<i>Publicación no Borme</i>			
<i>Modelo 600 da Xunta de constitución de empresa</i>			
<i>Gastos de rexistros en institucións (Consello Regulador, IXP, etc.,,)</i>			
MERCADORIAS INICIAIS			
<i>Primeiras compras de mercadorías</i>			
<i>Compras de materias primas</i>			
<i>Outros consumibles utilizados no proceso de produción</i>			
<i>Subscrición a revistas, libros profesionais,...</i>			
GASTOS DE ARRENDAMENTO DO LOCAL			
<i>Naves</i>			
<i>Oficinas</i>			
<i>Outros locais auxiliares</i>			
PRIMAS DE SEGUROS			
<i>Responsabilidade Civil</i>			
<i>Local (Roubio, incendio...)</i>			
<i>Seguros agrarios</i>			
<i>Outros (máximo un vehículo imprescindible)</i>			
<i>Outros</i>			
SUBMINISTRACIONES E GASTOS CORRENTES			
<i>Auga</i>			

<i> Teléfono</i>			
<i> Electricidade</i>			
<i> Gasóleo / gasolina</i>			
<i> Material de oficina</i>			
<i> Asesoría</i>			
<i> Gas</i>			
<i> Equipos de seguridade nas súas instalacións (cota mensual)</i>			
<i> Equipos informáticos, desenvolvemento e custos de páxina web, aplicación informática, e outros gastos tecnolóxicos</i>			
GASTOS SECTOR PRIMARIO, MEDIO AMBIENTE, OU I+D+I			
<i> Maquinaria ou apeiros</i>			
<i> Instalacións (invernadoiros, sistemas rego..)</i>			
<i> Insumos agrícolas (sementes, plántulas...)</i>			
<i> Realización de pozos</i>			
DEREITOS DE PROPIEDAD INDUSTRIAL			
<i> Patentes</i>			
<i> Modelos de utilidade</i>			
<i> Deseño industrial</i>			
<i> Marcas de produtos ou servizos</i>			
<i> Nomes comerciais</i>			
<i> Dominios en Internet</i>			
IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA			
<i> IVTM</i>			
TOTAL INVERSIÓN SUBVENCIONABLE			

Silleda, de 2017

Asdo:

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017
ANEXO VI. RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS

Núm factura (1)	Gasto Subvencionable (2)	Proveedor/ empresa	Data da factura	Importe Sen IVE	IVE	Importe total	Data de pagamento
-----------------	--------------------------	--------------------	-----------------	-----------------	-----	---------------	-------------------

- (1) Número que consta na factura
(2) Gastos subvencionables, según se recolle na Base 1ª, punto 5 especificar o tipo de gasto subvencionable. No caso de ter máis facturas das que pode conter na táboa, achegue fotocopias deste anexo.

Silleda , de de 2017

Asdo:

AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017
ANEXO VII. DECLARACIÓN XURADA DE QUE AS FACTURAS SUBVENCIONADAS, RELACIONADAS E PRESENTADAS SON ORIXINAIS

Don/Dona, co DNI, en representación da empresa, co NIF, solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2017 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Silleda,

DECLARA que as facturas detalladas nesta relación e presentadas para o dito programa son orixinais.

Núm factura (1)	Gasto Subvencionable (2)	Proveedor/ empresa	Data da factura	Importe Sen IVE	IVE	Importe total	Data de pagamento

- (1) Número que consta na factura
(2) Gastos subvencionables, según se recolle na Base 1ª, punto 5 especificar o tipo de gasto subvencionable. No caso de ter máis facturas das que pode conter na táboa, achegue fotocopias deste anexo.

Silleda , de de 2017
Asdo:

PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017
ANEXO VIII. DECLARACIÓN XURADA DO PERCEPTOR

Don/Dona, co DNI, en representación da empresa, co NIF, solicitante de subvención ao abeiro da convocatoria para o ano 2017 do programa de Axudas Municipais á Creación de Empresas do Concello de Silleda , baixo xuramento

DECLARA:

- 9 Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade subvencionada.
- 9 Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- 9 Que cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Silleda, de 2017
Asdo:"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación Bases Reguladora e convocatoria para o ano 2017 do "Programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego" e a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

5º.- PERMUTA DE CAMIÑO

PERMUTA DE CAMIÑO PUBLICO NA FINCA 693 DO POLIGONO 6 DO PLANO DE CONCENTRACION PARCELARIA DE LARO CON PARCELA MUNICIPAL, Nº 705, MASA COMUN DA MESMA CONCENTRACION PARCELARIA. TAXACION DAS PARCELAS, despois do acordo do Pleno da Corporación de data 29 de Setembro de 2016.

ANTECEDENTES: no Pleno municipal celebrado o día vinte e nove (29) de Setembro de 2016, adoptouse o acordo seguinte :

4º.- PERMUTA DE CAMIÑO PUBLICO NA FINCA 693 DO POLIGONO 6 DO PLANO DE CONCENTRACION PARCELARIA DE LARO CON PARCELA MUNICIPAL, Nº 705, MASA COMUN DA MESMA CONCENTRACION PARCELARIA.

VISTO o expediente instruído a instancias de JAIME TROITIÑO FERNANDEZ, que

"propone ceder el tramo de camino citado anteriormente sobre la parcela 693, por la totalidad de la parcela 705-Polígono 6. Concentración Parcelaria de Laro, que actualmente es masa común y propiedad del Ayuntamiento de Silleda" (19 Xaneiro 2009).

"Que desde hace años es propietario, con carácter ganancial, de la finca de la concentración parcelaria de LARO-PARADA, nº 693-Polígono 6, la cual compró al Ayuntamiento de SILLEDA libre de cargas y que actualmente está cruzada y cortada por un camino que usan los vecinos, tanto para las explotaciones existentes como para fincas y propone ceder el tramo de camino citado anteriormente sobre la parcela 693, por la totalidad de la parcela 705-Polígono 6. Concentración Parcelaria de Laro, que actualmente es masa común y propiedad del Ayuntamiento de Silleda"

VISTO que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día dous de xuño de dous mil, aprobou entre outros, o seguinte acordo:

31.- CONTRATACIÓN.- 3.1.- Adjudicación Masas Comúns de Laro

ANTECEDENTES.

O Pleno municipal, na sesión de data 31 de marzo de 2000, acordou aprobar as bases para alleamento por subasta das parcelas sobrantes (masas comúns) no acordo de concentración parcelaria de LARO-PARADA. Ditas bases foron publicadas no B.O.P. de Pontevedra n1 84 de 3 de maio de 2000. Rematado o prazo de presentación de ofertas procedeu a apertura de plicas pola Mesa de Contratación, debidamente convocada ó efecto, o día 30 de maio do presente ano.

ACORDO

Á vista da proposta formulada pola mencionada Mesa de Contratación, a Comisión de Goberno acorda por unanimidade dos seus membros:

1º.- Declarar válido o acto de licitación.

2º.- Adjudicar a subhasta das masas comúns ós licitadores e nas cantidades que se relacionan a continuación, ó ser os autores das ofertas máis avantaxosas para a Corporación.

Parcela	Precio Inicial	Nº Ofertas	Ofertante	Cuantía Oferta	Adjudicatario
8	260.550	1	José M. Castro Iglesias	301.000	José M. Castro Iglesias
51	271.600	1	M. Jesús Regalade Souto	279.000	M. Jesús Regalade Souto
76	109.200	2	Alfredo Saá Sánchez	250.000	Amelia A. Villaverde Doval
			Amelia A. Villaverde Doval	350.000	
144	520.000	4	Carlos Ramos Troitiño	530.000	César Troitiño Núñez
			César Troitiño Núñez	1.005.000	
			José M. García Soto	856.115	

			José M. Castro Iglesias	1.001.200	
149	784.000	1	Rosa M. Rguez. Pereira	790.000	Rosa M. Rodríguez Pereira
162	728.200	2	Manuel A. Ramos Gómez	855.000	Manuel A. Ramos Gómez
			César Troitiño Núñez	811.000	
168	330.000	1	José Mato Vilela	350.551	José Mato Vilela
417	188.400	0			
420	323.400	0			
567	278.300	0			
602	627.000	0			
693	23.850	1	Jaime Troitiño Fernández	71.901	Jaime Troitiño Fernández
705	253.000	0			
759	1.769.600	0			
787	698.100	1	Inés Fernández Troitiño	900.550	Inés Fernández Troitiño
1.040	478.800	0			

3º.- Devolver as garantías provisionais a tódolos licitadores

4º.- Requerir ós adxudicatarios para que concorran a formalizar o contrato en documento administrativo dentro do prazo de trinta días naturais a contar dende ó seguinte á notificación do presente acordo, previo aboamento do prezo de adxudicación nas arcas municipais.

5º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para que en nome e representación do Concello, asine a escritura pública e os documentos que cumpran.

6º.- Notificar ó presente acordo a tódolos participantes na licitación e, ó abeiro do artigo 109 do Regulamento de bens das Entidades Locais dar conta á Xunta de Galicia.”

VISTO que en data 14 de Xuño 2007, a compra da parcela 693 ao Concello de Silleda foi elevada a escritura pública, nº protocolo 913, diante do Notario Manuel Barros Gallego, e que as fincas nº 693 e 705 teñen a condición xurídica de bens patrimoniais, por tratarse de parcelas sobrantes da Concentración Parcelaria de Laro (masas comúns),

Por unanimidade, se acorda:

- **APROBAR** inicialmente a PERMUTA do camiño -quedando deste xeito salvagardado o seu uso ou cualificación xurídica como ben de dominio público - sito na finca nº 693 do Polígono 6 do Plano de Concentración Parcelaria de Laro, propiedade de JAIME TROITIÑO FERNANDEZ, DNI nº-----, con carácter ganancial coa súa dona ELSA LOUREIRO RODRIGUEZ, DNI nº-----, e que se lle transmitiu "libre de cargas e gravames", coa parcela 705-Polígono 6 sobrante desa Concentración, de propiedade municipal, CONDICIONADA a correspondente valoración pericial, con ingreso a favor do Concello de

non existir equivalencia na taxación das parcelas.

- **PROCEDER** a súa valoración polos técnicos municipais, a efectos da posterior transmisión ao veciño solicitante.

SILLEDA a 17 de Outubro de 2016. O SECRETARIO.Manuel Quintans Queiruga”

TENDO EN CONTA que despois deste acordo, o Informe Técnico de taxación dos bens afectados foi efectuado polo Enxeñeiro de Camiños ROMAN GOMEZ FRAIZ, Colex. nº 33103, concluíndo cunha valoración do camiño que atravesa a finca nº 693 por importe 639, 41 € (194,22 polo uso + 445,19 de afección) e 823,88 € a finca nº 705, propiedade municipal, do que resulta unha diferenza a favor do concello de **+ 184,48 €**.

Por unanimidade, **se acorda:**

- **Dar por cumprimentada a taxación** pendente efectuada polo Enxeñeiro de Camiños ROMAN GOMEZ FRAIZ, Colex. nº 33103, concluíndo cunha valoración do camiño de 83 m2 que atravesa a finca nº 693 por importe 639, 41 € (194,22 polo uso + 445,19 de afección) e 823,88 € a finca nº 705, de 479 m2 de superficie, de propiedade municipal, do que resulta unha diferenza a favor do concello de **+ 184,48 €**.

- **APROBAR** definitivamente a **PERMUTA** do camiño sito na finca nº 693 do Polígono 6 do Plano de Concentración Parcelaria de Laro, propiedade de JAIME TROITIÑO FERNANDEZ, , con carácter ganancial coa súa dona ELSA LOUREIRO RODRIGUEZ, coa parcela 705-Polígono 6 sobrante desa Concentración, de propiedade municipal, resultando unha diferenza a favor do concello de **+ 184,48 €**, que deberá ser ingresada nas arcas municipais, previamente a sinatura do contrato ou escritura pública, que, nese caso, correrá a cargo do Sr. Troitiño, asumindo o Concello a colocación dos marcos con persoal municipal, todo elo en cumprimento do acordo do Pleno da Corporación de data 29 de Setembro de 2016, que se recolle nos antecedentes.

6º.- RECLAMACIÓN DE CARLOS CANICOBA CARPINTERO.

Reclamación de CARLOS CANICOBA CARPINTERO, traballador do Servizo de Abastecemento de Augas, subrogado da empresa ESPINA&DELFIN, anterior concesionaria, na que, logo de seu paso a traballador municipal, textualmente, reclama o seguinte:

“- Que teño a miña disposición como dereito persoal adquirido un vehículo de empresa para a prestación do servizo e o traslado ao meu domicilio. Este dereito o Concello de Silleda non mo quere recoñecer tal e como recolle na comunicación que se me entrega o 22 de Decembro, Por todo o exposto..., SOLICITO:

- Que se me recoñeza o dereito persoal e adquirido de ter a miña disposición un vehículo de empresa para a prestación do servizo e o traslado ao meu domicilio."

ANTECEDENTES. En desenvolvemento do acordo plenario de 31 Agosto, mediante Contrato entre Concello e ESPINA&DELFIN, asinado o 27 de Decembro, se acordou o seguinte:

"Tendo en conta estes antecedentes que se reflicten no acordo transcrito, que se negociou con ESPINA & DELFIN, os comparecentes,

O U T O R G A N

Primeiro.- O presente documento ten por obxecto a execución dos diversos puntos do acordo plenario, e mais en concreto:

- "A subrogación legal dos traballadores na plantilla municipal, por imperativo legal, se especificará antes da data límite de 1 Xaneiro de 2017 -continuando as xestións e contactos coa empresa e a sinatura dos documentos necesarios entre as partes-, quedando pendente moi en especial a concreción da dedicación horaria exacta de tódolos empregados, coa documentación que aporte ESPINA, sen que o concello se faga cargo na súa totalidade das tarefas que estiveran desenvolvendo noutros municipios -coa conseguinte corrección económica-, en función da organización interna actual da concesionaria".

Segundo.- Os traballadores que se subrogarán a partir do 1 de Xaneiro do 2017, co mesmo cargo, afección, xornada laboral -sen prexuízo das adaptacións que puideran proceder- e idéntico salario, son os que seguen:

Nome	DNI	Posto traballo	Afección
MARIO ROZAS RAMOS	-----	Capataz	100%
CARLOS CANICOBA CARPINTERO	-----	Oficial 1ª	100%
MANUEL GONZALEZ SALGADO	-----	Oficial 3ª	100%
MARIO ROZAS ALVAREZ	-----	Oficial 3ª	100%
ANA BELEN IGLESIA MATO	-----	Auxiliar Administrativa Xornada parcial (5 horas) 62,5 %	62,5 %

Por parte municipal se fai constar que non asumirá o uso de vehículo municipal para o traslado ao seu domicilio, do que disfrutaba o traballador Carlos Canicoba Carpintero, segundo recomendación dos servizos xurídicos.

As relacións laborais se rexerán polo Estatuto dos Traballadores e demais normativa vixente, e mais en concreto polo Convenio para o Persoal Laboral do Concello e o Sectorial que se aplicaba por parte da concesionaria.

Terceiro.- Sobre os restos dos asuntos que se recollen no acordo plenario, non existen discrepancia algunha entre as partes, sen prexuízo da obrigada execución pendente, como por exemplo, e en especial, as cuantías económicas pendentes de ingreso/liquidación por

parte da empresa, que se completarán antes do 1 de Xaneiro de 2017, salvo impedimento que o xustificara.

E para que conste, asinan este contrato por triplo exemplar no lugar e data sinalados no encabezamento (27 Decembro 2016).

O Alcalde,
Asdo. Manuel Cuiña Fernandez.

ESPINA&DELFIN,
Asdo. AMADOR MOSQUERA LISTE

O Secretario,
Asdo. Manuel Quintans Queiruga.”

VISTA a lexislación aplicable, e segundo informa o secretario, en canto os traballadores subrogados manteñen a integridade dos dereitos laborais que lle corresponden, de acordo neste caso, basicamente, co Convenio Colectivo do Sector, o Convenio Laboral do Concello e o Estatuto dos Traballadores, se suscita a situación concreta dun traballador que tiña un vehículo da empresa ESPINA&DELFIN para o seu uso e traslado do domicilio ao traballo, unha condición laboral expresa e específica de carácter extraordinario da que gozaba el, e ninguén mais, xa que o resto dos seus compañeiros e os demais traballadores da empresa se trasladan ao seu posto de traballo cos medios propios. Estamos, polo tanto, diante dunha situación especial, que cumpre cualificar incluso de anómala, sen ánimo de esaxerar, un privilexio.

TENDO EN CONTA que o Supremo considera, tamén avalado polo Constitucional, que as Administracións Públicas ostentan:

"una posición especial en materia de contratación laboral..); en esta materia juegan normas de distintos ordenamientos -el laboral y el administrativo que han de ser objeto de una interpretación integradora en ocasiones difícil (...). Mientras que en el primer caso (En referencia aos empresarios privados) se protege fundamentalmente un interés privado, aunque de carácter social, en un ámbito en que rige la libertad de contratación del empresario, en el segundo estamos ante un interés público de indudable relevancia constitucional y de ahí que las normas sobre acceso al empleo público tengan carácter imperativo debiendo sancionarse adecuadamente su inobservancia...

Estes diferentes principios xerais do dereito aplicables a empresa privada ou nunha Administración, derivan neste caso na consideración de que non só as normas laborais, senón tamén as de dereito administrativo que proceden, levan a unha conclusión clara: que un traballador dispoña dun vehículo da empresa para o seu traslado o posto de traballo é unha condición laboral que entra no ámbito da liberdade do empresario -sometido a outros principios xurídicos-, a cal non existe nunha Administración Pública.

O concello de Silleda non é libre para fixar condicións laborais deste tipo, baixo ningún concepto. Aceptar ese dereito, aínda que sexa consecuencia dunha subrogación, sería, incluso, unha arbitrariedade dos

poderes públicos, prohibida pola Constitución (art. 9.2), ao sufragar os gastos de desprazamento dun traballador en concreto, en detrimento dos seus compañeiros, vulnerando, por certo, ademais, o principio de igualdade, entendemos que claramente, máxime, e moi en especial, porque suporía dotarlle dun vehículo do parque municipal - na práctica habería que adquirir un novo para este traballador en exclusiva-, un agravio comparativo de imposible asunción para esta Administración Pública, co relevante engadido de que outros traballadores están en idéntica situación e se desprazan no seu vehículo -hai un caso concreto dun funcionario que viaxa desde a Pobra do Caramiñal diariamente, ¡un traxecto de 187 km ida/volta!-, o que, en puridade, suporía que tamén ese e outros empregados poderían facer a mesma reivindicación, o que ilustra o grao de discriminación, arbitrariedade, e privilexio inasumible de tal solicitude.

IGUALMENTE, se ha de recoller un detalle transcendente: segundo informou ESPINA ao Alcalde, o orixe deste trato desigual foi como consecuencia de que o empregado tivo que ser trasladado dunha sección da empresa, de obras, parece ser, ao servizo de abastecemento de Silleda, coa consecuencia de que supoñía unha diminución salarial de uns 300 €, que ESPINA, finalmente, compensou con esa prerrogativa. Do que se conclúe que esta condición laboral provén dun pacto, ou compensación entre as dúas partes, unha concesión moi específica que non se pode trasladar ao novo empresario que se subroga na xestión do servizo, o Concello de Silleda, máxime ao non tratarse dunha sociedade privada senón dunha Administración Pública, como se ven reiterando.

Por unanimidade, **SE ACORDA**:

- **DESESTIMAR** de plano a reclamación de **CARLOS CANICOCA CARPINTERO**, DNI nº-----, traballador do Servizo de Abastecemento de Augas, na súa situación de subrogado, consistente en que se lle recoñeza o dereito persoal e adquirido de ter a súa disposición un vehículo do Concello para a prestación do servizo e o traslado ao seu domicilio, do que disfrutaba en ESPINA&DELFIN, por tratarse dunha condición especial adquirida nesa empresa como compensación salarial, e porque unha Administración Pública -sometida a outros principios xerais de dereito- non pode asumir unha situación de agravio, case un privilexio ou arbitrariedade, que vulneraría probablemente o principio de igualdade, creando unha situación claramente discriminatoria ao seu favor en detrimento, a maior abundamento, doutros empregados que se desprazan desde os seus domicilios fora de Silleda.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cuarenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 17 de Xaneiro de 2017

Vº e Prace
O ALCALDE,

O SECRETARIO

Asdo. Manuel Cuiña Fernández

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga